



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ACTA NÚM. 3 DA MESA CONTRATACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO”, INCLUÍDA NO POS+ 2023

EXPT.: 2023/C003/000005

LUGAR: Casa do Concello de Malpica de Bergantiños

DATA: 04/04/2024

Sendo as 10:42 constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva da resolución de alcaldía 667/2023, do 23/11/2023, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga, Alcalde-Presidente do Concello.

Vogais:

Dª Mª Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

Dª Patricia Coence Antelo, Tesoureira da Corporación.

Dª Ana María Iglesias Gato, Interventora da Corporación.

Secretario:

D. Juan Carlos Penedo Loureiro, administrativo do Concello.

É obxecto da reunión de conformidade coa orde do día da convocatoria, a apertura (xa que se xerou no seu día o correspondente “sobre” na Plataforma de Contratación del Sector Público) e análise/estudo/exame da documentación requirida á empresa **SYR-AMG, S.L.**, que optan á contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras ás que se refire o proxecto denominado “**1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO**”, relativa a acreditación de non incorrer o día 13/12/2023, data de final de presentación de ofertas, en prohibición para contratar estando ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, así como a adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como das tres vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte,

ORDE DO DÍA:

1º.- OUTRAS COMUNICACIÓNS/SOLICITUDE DE INFORMACIÓN ADICIONAL

A secretaría que subscribe a presente acta refírese ás actuacións previas realizadas por este órgano de asistencia no presente procedemento e polo licitador, **SYR-AMG, S.L.**, así dise que:

I.- Esta Mesa de Contratación adoptou, en data 13/03/2024, o seguinte acordo:

3º.- ACTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA.

.../ REQUIRIMENTO A SYR-AMG, S.L., AOS EFECTOS DE ACREDITAR QUE AO FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NESTE PROCEDIMENTO, O DÍA 13/12/2023, NON



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

INCORRÍA EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR, NON EXISTENCIA DE DÉBEDAS COA SEGURIDAD SOCIAL

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O prazo de presentación de ofertas no presente procedemento remataba o día 13/12/2023.

II.- Na sesión de data 02/02/2024 celebrada pola Mesa de Contratación, á vista do acontecido na sesión, celebrada esa mesmo día, da Mesa de Contratación do procedemento aberto simplificado, para a contratación da obra “1ª FASE DO SANEAMENTO EN SEIXAS E VILARNOVO”, INCLUÍDA NO POS+ 2023, en relación ao licitador, SYR-AMG, S.L, tendo, ademais, aquel órgano de asistencia idéntica composición que a do presente procedemento, se suscita a cuestión de se o citado licitador, SYR-AMG, S.L., na data final de presentación de ofertas no presente procedemento, o día 13/12/2023, incorría en prohibición para contratar ao non estar ao corrente do cumprimento das obrigas cos Seguridade Social, á vista dos datos que obraban o día 02/02/2024, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e os restantes datos que constan/constaban no referido rexistro (vid. infra referidos a outras datas) aos que tivo acceso o órgano de asistencia.

Así no certificado, con data de validez 02/02/2024, consta/constaba:

“Prohibicións para contratar

Artigo 71.1.d) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Vixencia dende 24/10/2023 Vixencia ata 21/12/2023.

Certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social:

Data de emisión 21/12/2023

Data de validez 21/06/2024

Carácter: positivo

Data dos efectos de validez do presente certificado: 02/02/2024. 11:28:11”.

Á vista do anterior, e por acordo unánime dos Membros da Mesa de contratación, se examinaron os distintos certificados do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, descargados con ocasión do procedemento de contratación da obra “1ª FASE DO SANEAMENTO EN SEIXAS E VILARNOVO”, INCLUÍDA NO POS+ 2023”, correspondentes ás datas que son consideradas como especialmente relevantes, ademais do/a anterior, neste procedemento co fin de comprobar/determinar: cando se incorreu na prohibición; cando se inscribiu/anotou esta no rexistro; os efectos desta prohibición no procedemento e clarificar/determinar a cuestión/ámbito temporal da prohibición. Os certificados son/eran os que seguen:

- A 22/12/2023 (data de celebración da primeira Mesa de Contratación e na que a prohibición perdeu vixencia/finalizou un día antes, constando un certificado positivo, data de emisión 21/12/2023 e data de validez 21/06/2024).
- A 21/12/2023 (data ata a que está vixente a prohibición no que consta un certificado negativo en relación ao cumprimento de obrigas coa Seguridade Social, data de emisión 24/10/2023 e data validez 24/04/2024).
- A 20/12/2023 (día anterior a perda de vixencia da prohibición no que consta un certificado negativo en relación ao cumprimento de obrigas coa Seguridade Social, data de emisión 24/10/2023 e data validez 24/04/2024).

As comprobacións/exame das certificacións no/do citado rexistro se fixeron con base á declaración responsable realizada polo licitador, conforme ao modelo establecido no prego, e na que indicaba a inscrición neste.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

A continuación produciuse unha deliberación entre os membros da Mesa de Contratación onde se di que de acordo co art. 140.4 da LCSP, que establece: “As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato” SYR-AMG, S.L. incorre/incorrerá, á vista dos certificados do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, en prohibición para contratar xa que na data final de presentación de ofertas, o día 13/12/2023, non estaba ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, art. 71.1 d) da LCSP. Non obstante, se plantea a cuestión de se apreciada a existencia da prohibición para contratar debe adoptarse neste momento a decisión de exclusión do licitador, e/ou se debe darse audiencia e/ou trámite de subsanación ao interesado, e se ilo debe facerse neste momento procedimental, á vista do establecido no art. 159 da LCSP.

III.- A Mesa de contratación nesa data, 02/02/2024, acorda suspender a sesión co fin de estudar as cuestións antes referidas, isto é se apreciada a existencia da prohibición para contratar debe adoptarse xa nese momento a decisión de exclusión do licitador e/ou se debe darse audiencia e/ou trámite de subsanación ao interesado, SYR-AMG, S.L. e se ilo debía facerse nese momento procedimental, á vista do establecido no art. 159 da LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- En relación á apreciación da prohibición para contratar (non estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social) e o requirimento previo, no seu caso, á adopción do acordo de exclusión, deben terse en conta os distintos pronunciamentos realizados por parte dos Tribunais Contractuais e polo Tribunal Supremo en relación a esta cuestión. En concreto: a Resolución 47/2022, do 3 de febreiro de 2022, Rec. 13/2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid; a Resolución 48/2022, do 3 de febreiro de 2022, Rec. 14/2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid; o Acordo 105/2022, do 28 de outubro, Recurso 118/2022 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón; Resolución 500/2022, do 6 de maio de 2022, Recurso 200/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales; Acordo do Pleno sobre la aplicación de las prohibiciones para contratar do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 5 de abril de 2022, e a Sentenza do Tribunal Supremo 1210/2020, do 28 de setembro, Recurso de casación contencioso-administrativo núm. 8006/2018.

Destes pronunciamentos se conclúe que:

1.- As prohibicións para contratar aplicaranse a todos os licitadores que concorran a un procedemento de contratación suxeito á LCSP, non só ao proposto como adxudicatario, neste caso non se trataría do proposto como adxudicatario, xa que non se ten formulado proposta de adxudicación.

2.- Os licitadores deberán non atoparse incursos en prohibición para contratar ao fin do prazo de presentación de ofertas, no presente caso o día 13/12/2023.

3.- Atoparse en causa de prohibición para contratar é causa de exclusión, neste caso a prohibición sería non estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, art. 71.1 d) da LCSP.

4.- Previamente a declarar a exclusión, o órgano de contratación/Mesa de Contratación que aprecie a existencia da prohibición de contratar establecida no art. 71.1.d) da LCSP, como é no caso presente, non estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, deberá conceder audiencia ao interesado para permitir que este, no seu caso, xustifique que a débeda foi pagada, aprazada, fraccionada ou suspendida como consecuencia da súa impugnación.

5.- En todo caso non se pode subsanar o que no momento citado/esixible non existe de maneira indubitable, no presente caso, na data final de presentación de ofertas, o día 13/12/2023, así o licitador, SYR-AMG, S.L, debía encontrarse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, non sendo admisible, e considerarse como subsanación, que a regularización, deixar de ter débedas pendentes coa Seguridade Social, se teña producido nun momento posterior ao de finalización do



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

prazo de presentación de ofertas, isto é despois do día 13/12/2023. Son defectos subsanables os que se refiren á acreditación do requisito de que se trate pero non o cumprimento do mesmo.

II.- En relación á apreciación da posible existencia de prohibición para contratar e a tramitación simplificada do art. 159 da LCSP, momento da comprobación.

Dado que a ausencia de prohibición para contratar é un requisito previo para a contratación e ser un dos extremos/aspectos que se recollen e deben recollerse, en cumprimento da normativa vixente, art. 159.4 apartado c) da LCSP, na declaración responsable presentada polo licitador, SYR-AMG, S.L., no momento de presentación da oferta, resulta aplicable o art. 140.3 da LCSP o cal establece: “O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adjudicar o contrato” resultando o citado precepto aplicable pola previsión que contén o art. 159.4 apartado h) da LCSP que di: “No non previsto neste artigo se observarán as normas xerais aplicable ao procedemento aberto”.

Polo que non resulta preciso esperar a realizar a proposta de adjudicación e efectuar con posterioridade a esta as comprobacións as que se refire o apartado f) do art. 159.4 da LCSP.

II.- En relación a prazo que se debe outorgar para a subsanación.

Dado que a ausencia de prohibición para contratar é un requisito previo para a contratación e ser un dos extremos/aspectos que se recollen/recollían e deben recollerse, en cumprimento da normativa vixente, art. 159.4 apartado c) da LCSP, na declaración responsable presentada polo licitador, SYR-AMG, S.L., no momento de presentación da oferta, resulta de aplicable o art. 141.2 da LCSP o cal establece un prazo de subsanación de tres (3) días, resultando o citado precepto aplicable pola previsión que contén o art. 159.4 apartado h) da mesma norma que di: “No non previsto neste artigo se observarán as normas xerais aplicables ao procedemento aberto”.

III.- En conclusión:

III.1.- De acordo co art. 140.4 da LCSP, que establece: “As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato” SYR-AMG, S.L. incorre/incorrerá en prohibición para contratar, xa que na data final de presentación de ofertas, o día 13/12/2023, non se encontraba ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, art. 71.1 d) da LCSP, á vista dos antecedentes de feito do presente.

III.2.- Que previamente a declarar a exclusión, o órgano de contratación/Mesa de contratación que aprecie a existencia da prohibición de contratar establecida no art. 71.1.d) da LCSP, como é no caso presente, non estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, deberá conceder audiencia ao interesado para permitir que este, no seu caso, xustifique que a débeda foi pagada, aprazada, fraccionada ou suspendida como consecuencia da súa impugnación. Non obstante, non é admisible, e non pode considerarse como subsanación, que a regularización, deixar de ter débedas pendentes coa Seguridade Social, se teña producido nun momento posterior ao de finalización do prazo de presentación de ofertas, no presente caso o día 13/12/2023, xa que son defectos subsanables os que se refiren á acreditación do requisito de que se trate pero non o cumprimento do mesmo.

III.3 - De conformidade co previsto art. 140.3 da LCSP, que di: “O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adjudicar o contrato” a Mesa de Contratación poderá solicitar neste momento ao licitador que xustifique que en data 13/12/2023, se encontraba ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, resultando o citado precepto aplicable pola previsión que contén o art. 159.4 apartado h) da LCSP que di: “No non previsto neste artigo se observarán as normas xerais aplicable ao procedemento aberto”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

III.4.- De conformidade co previsto no art. 141.2 da LCSP o prazo de subsanación que se outorgue será de tres (3) días, ao tratarse a ausencia de prohibición para contratar dun requisito previo á contratación e resultando o citado precepto aplicable pola remisión que contén o art. 159.4 apartado h) da LCSP ao procedemento aberto, xa que este precepto di “No non previsto neste artigo se observarán as normas xerais aplicable ao procedemento aberto”.

Á vista do exposto, a Mesa de Contratación por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto,

ACORDA:

Primeiro: Requirir a **SYR-AMG, S.L.** para que no prazo de **tres días naturais** desde o envío da correspondente comunicación a través da Plataforma de Contratación del Sector Público proceda a acreditar que o día 13/12/2023, data de final de presentación de ofertas, estaba ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Segundo: Comunicar o presente acordo a SYR-AMG, S.L., a través da Plataforma de Contratación del Sector Público indicando que contra o mesmo non cabe recurso algún por tratarse dun acto de trámite non cualificado.

II.- A comunicación a **SYR-AMG, S.L.**, realízase por medios electrónicos a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, por erro realízanse dúas comunicación idénticas e consecutivas, sendo estas enviadas ao licitador en data 18/03/2024 ás 09:08 horas e ás 9:09 horas, respectivamente, e accedendo este ao seu contido (lidas polo licitador) o mesmo día 18/03/2024, ás 11:55 horas, procedéndose, ademais, na citada data, á publicación da acta da sesión, onde se adoptou o acordo, no perfil do contratante, constando todo ilo no expediente (en TEDEC) e na Plataforma de Contratación del Sector Público. Así pois, o prazo outorgado ao licitador para cumprir o requirimento finalizaba ás 23:59 horas do día 21/03/2024.

Acto seguido na Plataforma de Contratación del Sector Público constátase que en data 21/03/2024 ás 18:05 e ás 18:30 horas a empresa, **SYR-AMG, S.L.**, presenta dous “sobres” con documentación para os efectos de dar cumprimento ao citado requirimento, estando, pois, ambos dentro do prazo outorgado.

A continuación procédese á apertura dos “sobres” presentados e á descarga da documentación achegada polo licitador. A citada documentación é a seguinte (o contido de ambos “sobres” é idéntico):

1.- Escrito no que di que se di, cita literal: “.../ PRESENTA: Certificado da Tesorería General da Seguridade Social conforme o día 13/12/2023 estaba ao corrente das obrigas coa mesma”.

2.- Certificado de estar al corrente en el cumplimiento de las obligaciones de Seguridade social, no que consta como data de sinatura o día 18/03/2024, e no que se di, cita literal: “Presentada solicitud de certificado acreditativo de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de Seguridade Social sobre SYR-AMG S.L.U. con NIF 0B15938780 a la fecha 13/12/2023, por 133535 JOSE ANTONIO GOMEZ RODRIGUEZ.

La Tesorería General de la Seguridade Social

CERTIFICA: Que conforme a los datos que obran en la Tesorería de la Seguridade Social, el solicitante arriba referenciado se encuentra al corriente de sus obligaciones de Seguridade social.

.../”.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

A continuación a Mesa de Contratación accede á sede electrónica da Seguridade Social aos efectos de proceder a verificar a autenticidade do documento/certificado presentado sendo constatada a mesma.

Á vista do exposto/das actuacións realizadas a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, ACORDA:

Único: Declarar que se ten dado cumprimento ao requirimento efectuado por esta órgano no prazo outorgado ao efecto, quedando acreditado que a empresa, **SYR-AMG, S.L.**, o día 13/12/2023, data final de presentación de ofertas, estaba ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, polo que non correndo a causa de prohibición para contratar e consecuentemente causa de exclusión do procedemento a citada empresa debe permanecer no mesmo.

A continuación, e á vista do acontecido, no día de hoxe, na sesión da Mesa de Contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación da obra “1ª FASE DO SANEAMENTO EN SEIXAS E VILARNOVO”, INCLUÍDA NO POS+ 2023, en relación a este licitador, tendo aquel órgano de asistencia idéntica composición que o presente, se suscita a cuestión de cal debe ser actuación deste órgano tendo en conta que a día de hoxe, 04/04/2024, o licitador non se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia xa que no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia consta:

“Prohibicións para contratar

Artigo 71.1.d) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Vixencia dende 23/02/2024 Vixencia ata ---

Certificado de cumprimento coas obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia:

Data de emisión 23/02/2024

Data de validez 23/08/2024

Carácter: negativo

Data dos efectos de validez do presente certificado: 04/04/2024. 10:31:45”.

Faise constar expresamente que con independencia do acontecido na Mesa de Contratación da obra “1ª FASE DO SANEAMENTO EN SEIXAS E VILARNOVO” este órgano de asistencia está facultado para realizar as comprobacións/exame das certificacións no/do citado rexistro con base á declaración responsable presentada polo licitador, conforme ao modelo establecido no prego, e na que indica a inscrición neste e polas previsións contidas no art. 140.3 da LCSP aplicable por remisión do art. 159 4 h) da mesma norma.

Polo tanto, segundo o referido certificado a empresa SYR-AMG, S.L., incorre, en principio, ao día de celebración desta sesión en prohibición para contratar.

Por parte dos membros da Mesa de Contratación se manifesta que existen distintos pronunciamentos por parte das “xuntas” consultivas de contratación, tribunais contractuais e polo Tribunal Supremo en relación a esta cuestión. Así cítase: o Informe 6/2021, do 17 de decembro, da Junta Consultiva de la Comunidad de Madrid “sobre el



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

momento de comprobar el cumplimiento de las obligaciones tributaria y con la Seguridad Social"; o Acordo 105/2022, do 28 de outubro, Recurso 118/2022 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón; a Resolución 193/2019, do 1 de marzo de 2019, Recurso 1325/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales; a Resolución 500/2022, do 6 de maio de 2022, Recurso 200/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales; o Acordo do Pleno *"sobre la aplicación de las prohibiciones para contratar"* do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 5 de abril de 2022, e a Sentenza do Tribunal Supremo 1210/2020, do 28 de setembro, Recurso de casación contencioso-administrativo núm. 8006/2018.

Dos citados pronunciamentos a Mesa de Contratación conclúe e polo que aquí interesa que:

- 1.- As prohibicións para contratar aplicaranse a todos os licitadores que concorran a un procedemento de contratación suxeito á LCSP, non só ao proposto como adxudicatario, neste caso non se trataría do proposto como adxudicatario, xa que non se ten formulado proposta de adxudicación.
- 2.- Os licitadores deberán non atoparse incursos en prohibición para contratar ao fin do prazo de presentación de ofertas, non aplicable/non obxecto de consideración xa no presente procedemento e no presente momento procedimental (vid. supra).
- 3.- O licitador proposto como adxudicatario non poderá atoparse incurso en prohibición para contratar, ao tempo da celebración do contrato (vid. infra).
- 4- Durante a licitación, de conformidade co art. 140.3 da LCSP, o órgano de contratación poderá esixir que se acredite non atoparse incurso en prohibición para contratar, cando aprecie indicios do contrario e non só no trámite previsto no artigo 150.2 da LCSP. No presente caso e dado que o procedemento seguido é o preceptuado polo art. 159 da LCSP o precepto aplicable sería o número 4º da letra f) do art. 159.4, aplicándose, ademais, a consideración feita en relación aos citados arts 150.2 e 140.3 pola previsión contida na letra h) do citado artigo 159.4 que di: *"No non previsto neste artigo se observarán as normas xerais aplicables ao procedemento aberto"*. Non obstante no presente procedemento non nos encontramos aínda no referido trámite (número 4º da letra f) do art. 159.4), nin sequera se ten formulado proposta de adxudicación.

Aclaración: o Informe 6/2021, do 17 de decembro, da Junta Consultiva de la Comunidad de Madrid *"sobre el momento de comprobar el cumplimiento de las obligaciones tributaria y con la Seguridad Social"*; o Acordo 105/2022, do 28 de outubro, Recurso 118/2022 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón; a Resolución 193/2019, do 1 de marzo de 2019, Recurso 1325/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales e a Resolución 500/2022, do 6 de maio de 2022, Recurso 200/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, conclúen/sinalan, que o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridad Social debe concorrer en dous momentos: na data final de presentación de ofertas e no momento de perfección do contrato, polo que exclúen o intervalo.

Non obstante, o Acordo do Pleno *"sobre la aplicación de las prohibiciones para contratar"* do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 5 de abril de 2022, di: *"Es más, entendemos que no solo se respalda la identificación de dos momentos, sino incluso la existencia de un período de tiempo, de forma que el licitador no solo no puede incurrir en causa de prohibición para contratar al final del plazo de presentación de ofertas y en el momento de la perfección del contrato (ha de entenderse celebración, como*



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

veremos ex artículo 39 de la LCSP)) sino durante el tiempo que medie entre ambas. Esa sería la interpretación que debe darse al verbo “subsistir” (según la RAE del latín *subsistere*. 1. intr. Dicho de una cosa: Permanecer, durar o conservarse. 2. intr. Mantener la vida, seguir viviendo. 3. intr. Fil. Dicho de una sustancia: Existir con todas las condiciones propias de su ser y de su naturaleza) que incluso algún precepto como el artículo 69.9 LCSP llega incluso a señalar como mantener” e “Durante la licitación el órgano de contratación podrá exigir que se acredite no encontrarse incurso en prohibición para contratar, cuando aprecie indicios de lo contrario y no solo en el trámite previsto en el artículo 150.2 de la LCSP”.

5- Atoparse en causa de prohibición para contratar é causa de exclusión, neste caso a prohibición sería non estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia, art. 71.1 d) da LCSP.

6 -Previamente a declarar a exclusión, o órgano de contratación/Mesa de Contratación que aprecie a existencia da prohibición de contratar establecida no art. 71.1.d) da LCSP, como é no caso presente, non estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia, ha de poñelo de manifesto ao licitador afectado, concedéndolle a oportunidade de probar a súa fiabilidade, a pesar da existencia dun motivo de exclusión.

Iso inclúe ademais a posibilidade de regularizar a súa situación tributaria e en materia de Seguridade Social, procedendo ao pago ou á celebración dun acordo de fraccionamento ou aprazamento do mesmo ou acreditando a suspensión da súa eficacia con ocasión da súa impugnación, administrativa ou xudicial.

7.- Que tal e como se ten sinalado (vid. supra, Acordo do Pleno “sobre la aplicación de las prohibiciones para contratar” do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 5 de abril de 2022) sería posible que este órgano de asistencia requirise neste momento (durante a licitación) a SYR-AMG, S.L. para que acreditase estar ao corrente das súas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia, pero nótese que en todo caso dise “poderá”.

Non obstante, á vista do momento procedimental no que se encontra o expediente, os momentos que deben ser considerados como determinantes ao efectos de cumprir o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias (vid. supra o Informe 6/2021, do 17 de decembro, da Junta Consultiva de la Comunidad de Madrid “sobre el momento de comprobar el cumplimiento de las obligaciones tributaria y con la Seguridad Social”; o Acordo 105/2022, do 28 de outubro, Recurso 118/2022 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón; a Resolución 193/2019, do 1 de marzo de 2019, Recurso 1325/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales e a Resolución 500/2022, do 6 de maio de 2022, Recurso 200/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e que non se incorrería xa en/na prohibición de concorrer/cumprirse os supostos/presupostos sinalados no punto 6 (vid. supra), se considera oportuno, por ser máis axustado aos pronunciamentos das “xuntas” consultivas de contratación e tribunais contractuais e por un principio de economía procedimental, que o licitador, SYR-AMG, S.L., acredite, no seu caso, de resultar proposto como adxudicatario, que cumpre o requisito de estar ao corrente das súas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia, no momento de perfección (celebración) do contrato, mediante a presentación do documento xustificativo correspondente a ese momento, no prazo previsto polo art. 159.4 letra f) número 4º, sete (7) días hábiles a contar desde o envío da comunicación.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Á vista do exposto a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, ACORDA:

Único: Non realizar neste momento requirimento algún a empresa, SYR-AMG, S.L., en relación a situación de cumprimento/incumplimento das súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Acto seguido procédese a unha breve análise e exame da documentación previamente descargada por esta órgano, na sesión celebrada o día 02/02/2024, en relación a xustificación da oferta económica do licitador, SYR-AMG, S.L., incurso en presunción de anormalidade, acordando a Mesa de Contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto e para dar cumprimento ao preceptuado polos arts. 159.4 e 149.4 da LCSP:

Único: Dar traslado do presente e da totalidade da documentación presentada polo licitador, SYR-AMG, S.L., ao arquitecto, D. Gonzalo Cabeza Puente, e á Tesoureira da corporación, D^a Patricia Coence Antelo, para que o primeiro emita o correspondente informe técnico (aspectos/parámetros técnicos da documentación achegada) e a segunda emita informe en relación ao cumprimento das obrigas salariais e costes laborais, de conformidade e para dar cumprimento a cláusula 15.4.1 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación e os preceptos da LCSP antes referidos.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación, sen que se realice ningunha observación, dando a Presidencia por finalizada a sesión, e procedéndose á sinatura da presente, en mostra de conformidade, por todos os asistentes á sesión e na orde que figura a continuación.

D^a M^a LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ.

D^a PATRICIA COENCE ANTELO.

D^a ANA MARÍA IGLESIAS GATO.

D. JUAN CARLOS PENEDO LOUREIRO.

D. EDUARDO J. PARGA VEIGA.